

# Tradicións do Nadal

O Nadal encerra múltiples tradicións que, por costume, asumimos ano tras ano sin preguntarnos, moitas veces, que significado teñen no conxunto de celebracións que marcan estas entrañables datas.

Típicos do Nadal son elementos ornamentais como o nacemento, a árbore ou a estrela; pero tamén acontecementos como a chegada de Papá Noel, os Santos Inocentes, a celebración do Fin de Ano ou a visita dos Reis Magos. E propias de Galicia son as tradicións do tizón, cachopo ou cepo de nadal, así como as relacionadas coa gastronomía entre as que cómpre destaca-la feira do capón de Vilalba. ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es))

## O TIZÓN DO NADAL NA LAREIRA

O Tizón de Nadal, tamén coñecido como cepo ou cachopo era unha rama grande de boa madeira, polo xeral de carballo, que se botaba á lareira na noite de Nadal mentras a familia cantaba panxoliñas e contaba contos. A tradición di que as cinzas tiñan propiedades máxicas, polo que decidían gardalas nun rincón da casa para reutilizalas en caso de tormentas, xa que se consideraba que tiñan propiedades para espantar ós tronos.



## O ACIVRO



Trátase dun arbusto de entre dous e cinco metros de altura, de longa vida (sábese de acibros de ata 300 anos), con follas de beiras onduladas e espiñentas e o seu froito –non comestible- é unha boliña vermella que madura no outono e mantense varios meses durante os que se emprega como elemento ornamental.

O acivro ten outros usos relacionados coas crenzas. Xunto á relacionada co amor (falan as tradicións dun ritual que consiste en cortar una pola de acivro ás doce da noite de San Xoan para, logo de pasala trece veces baixo as ondas do mar mentras se reza un credo de cada vez, tocar con ela á moza elexida), o acivro está íntimamente relacionado co Nadal. Un costume que ven de vello cando na entrada do inverno as tribus xermánicas colocaban pólas de acivro nos seus cuartos, ou cando en tempos dos romanos se asociaba ás festas de finais de decembro que se celebraban na honra de Saturno, o deus da sementeira.

## A FEIRA DO CAPÓN DE VILALBA



A feira do capón de Vilalba presenta en vésperas do Nadal os capóns ben pelados e limpos, logo de ser seleccionados e cebados con extremo coidado na chamada “capoeira” dende o mes de novembro.

## O BELÉN


Nos pobos de tradición católica, o nacemento de Xesús nun pesebre de Belén represéntase con réplicas deste momento: o pesebre, o boi e a mula, Xosé, María e Xesús, os pastores e os Reis Magos forman parte da simboloxía popular iniciada por San Francisco de Asís en 1223, segundo conta a lenda. En España foi a dona de Carlos III quen levou á Corte unhas figuriñas de porcelana procedentes de Nápoles e que representaban o Nadal. Prendado deste nacemento, o monarca mandou traer un Belén completo para o seu fillo e mandou crear unha fábrica de porcelana.



## ESTRELA

É o símbolo da guía: a que levou ós Magos ata Belén para adorar a Xesús no pesebre. Soe c colocarse na punta da árbore de Nadal, ou sobre o Portal na representación do nacemento.

# A ÁRBORE DE NADAL



A colocación do pino de nadal é unha tradición anterior á cristiandade e provén da cultura celta onde soía celebrarse a chegada do inverno colocando unha árbore –xeralmente un abeto- no centro do pobo adornado con cáscaras de ovo pintadas.

Algunhas investigacións especifican que esta árbore estaba presente nas ceremonias da primitiva Roma, sendo conservado polo cristianismo que o adornou con obxectos brillantes e velas que representaban o sol, a lúa e as estrelas.

Foi cara o século XVI cando Marín Lutero e os seus seguidores adaptaron este costume e introduciron a árbore adornada con velas na noite do 24 de decembro en fogares e templos.

Existe paralelamente a lenda dun misioneiro inglés que difundía a palabra de Xesús entre as tribus do norte de Alemania. Ao chegar a Geismar viu como pretendían sacrificar a un príncipe atado ao tronco dunha árbore para ser ofrecido ao deus Thor. Irrumpindo na cerimonia, o misioneiro derribou a árbore cunha hacha, brotando nese mesmo intre un fermoso pino que, segundo a lenda, era a proba da vida nova que representaba Xesús. Posteriormente, o príncipe Alberto, home da raíña Victoria, popularizou esta tradición no século XIX, difundíndose polo mundo.

## PAPÁ NOEL



Tamén coñecido como Santa Claus, a orixe desta personaxe anglosaxona débese buscar na tradición danesa de San Nicolás como un home que repartía agasallos. Unha figura que no século XIX empeza a asociarse a un vello home que tomou a forma actual provocada, según algúns comentarios, a un debuxante da Coca-Cola no ano 1931, e co fin dunha campaña publicitaria. Penetrando polas chemineas en Noiteboa, os agasallos de Papá Noel enchen as casas no día de Nadal.

## OS REIS MAGOS

As primeiras referencias de Melchor, Gaspar e Baltasar



aparecen por no século VII nun Códice da Biblioteca de París. San Mateo os cita nun dos Evanxeos da Biblia e narra como uns Magos, guiados por unha luminosa estrela, chegan a Belén para adorar ó Neno Xesús. Sen mencionalos seus nomes (ata o século IX) nin a súa orixe, algunhas interpretacións din que podían ter sido astrólogos babilonios ou sacerdotes persas, e dise que son tres polo número de agasallos ofrecidos: ouro, incienso e mirra. As tradicionais cabalgatas na noite do 5 de xaneiro anuncian a chegada destes Magos de Oriente que poñen o remate ás festas de Nadal.

# A TARXETA DE FELICITACIÓN

Sir Henry Cole, na Inglaterra do ano 1843, instaurou a tradición de enviar unha tarxeta de felicitación das festas nadaleiras.

A primeira tarxeta comercial foi deseñada por J.C. Horsley e dela chegaronse a vender 1.000 copias en Londres. Posteriormente, en 1849, outro artista inglés, Willian Egley, conseguiu producir unha tarxeta popular e máis económica. Dende entón, e con variados motivos relacionados cos costumes nadaleiros, envíanse milleiros de felicitacións cada ano.



# O TURRÓN

Este postre nadaleiro, de fama universal, asóciase á tradición cristián e hoxe alcanzou

fama universal. Elaborado con améndoas ou abelás, mel, clara de ovo e azucre, o turrón español conseguiu denominación de orixe en 1939. O proceso de fabricación foi artesanal ata mediados do século XX.



# AS UVAS EN NOITEVELLA

A tradición de tomar as doce uvas remóntase ao principio do século XX.

Ista costume é exclusiva do noso país, a súa orixe non foi por motivos relixiosos ou culturais, senón mais ben a intereses económicos.

Na Noitevella do 1909, os cosecheiros idearon o rito de tomar as uvas da sorte, na última noite do ano, para desfacerse do excedente de uvas de aquel ano. Con elas damos paso ó aninovo que celebramos na coñecida como Noitevella.



## O MAZAPÁN

Dúas cidades -Venecia e Toledo- dispútanse a propiedade do mazapán.

Cronistas de Toledo din que en 1212, e a raíz da batalla contra os árabes librada por Alfonso VIII de Castela,

foi cando as monxas do convento de San Clemente empezaron a elaborar unha certa clase de pan a base de améndoas e azucre. Existen outras versións que sitúan a orixe do mazapán en Italia. De acordo coa lenda italiana, o mazapán naceu en Venecia no século XVI en que se fabricou un distinto tipo de pan para combati-la fame, o que conseguiron triturando améndoas e azucre e ó que chamaron Marzipane ou Pan de San Marcos na honra ao patrono da cidade; e por outro, dise que a invención do mazapán debeuse ó gremio de panadeiros italianos que na Idade Media se chamaban Irmáns de Marcos.



## O ROSCÓN DE REIS




Este doce de Nadal ten unha orixe pagana e vencellada ao Imperio Romano, aínda que foi anos máis tarde -coa cristianización- cando se empezaron a elaborar unhas tortas redondas con figos, mel e dátiles que levaban no seu interior unha faba seca: a quen lle tocaba era nomeado rei de reis durante un curto periodo de tempo.

En Francia a figura do "rei faba" recaía no rapaz máis pobre, sendo Felipe V quen importou esta tradición para España como remate das festas do Nadal e tal e como o coñecemos hoxe: un doce desprovisto de simbolismo, con froitas escarchadas e unha sorpresa agochada no seu interior.



## O PAVO

Considérase que esta tradición penetrou en Europa procedente de México no primeiro tercio do século XVI, como una



lembranza que trouxo Hernán Cortés das novas terras onde os aztecas o chamaban guajalote. Dise, tamén, que o pavo alimentou ós famentos colonos ingleses do Mayflower que desembarcaron en Massachusetts o último xoves de novembro de 1620, o que provocou que os americanos celebren nesta data o chamado Día de Acción de Gracias cun xantar clásico a base de pavo recheo. Os xesuitas foron os que o introduciron en Europa ó levalo ós seus colexios.

## ROUPA INTERIOR VERMELLA

Descoñécese propiamente a orixe desta tradición que se sitúa na Idade Media cando case todo estaba reprimido, sobre todo nas clases sociais máis baixas.



Na antigüedad relacionábase a cor vermella co demo, o sangue e as meigas, polo que se chegou a prohibir a plantación e o consumo de produtos de cor vermella coma os tomates e os pementos, entre outros; así como vestirse con roupa vermella. Sen embargo, no inverno, cando a natureza semella morrer debido ás xeadas e ás neves, o vermello simboliza o sangue e a vida. Por iso, como estaba prohibido e as xentes pensaban que levar un símbolo de vida traía boa sorte, optaron por levala agachada baixo a vestimenta, imprantándose a tradición da roupa interior vermella en Nadal ata os nosos días.



# ILUMINACIÓN NADALEIRA



Relacionada coa redución das horas de luz solar -sobre todo nos países nórdicos- imprántase a tradición da iluminación nadaleira extendida hoxe nas rúas das cidades.

## A MISA DO GALO



Os católicos optaron por celebrar unha misa no momento do canto do galo o día que empezaba a alongarse a claridade diurna. A primeira Misa do Galo foi celebrada en Roma no século V polo Papa Sixto III. Na actualidade celébrase ás doce da noite do 24 de decembro (00:00 do 25 de Nadal).

## OS SANTOS INOCENTES

Cada 28 de decembro recúrrase a esta celebración que na súas orixes está vencellada á lenda de Herodes: según a Biblia, Herodes entérase de que nace un neno que, según as profecías, sería o Rei de Reis. O medo a perder o trono, e averiguando que os Magos de Oriente viaxaban para adorar ao Neno, pídelles que lle comuniquen onde se atopa para así poder ir tamén adouralo. Cando os Magos saben que Herodes o que verdadeiramente pretendía era matalo, regresan ao seu país sen dicirle nada o que provoca a ira de Herodes que ordea matar a tódolos primoxénitos nados por aquel entón; unha matanza que según esta lenda coñécese como os Santos Inocentes. Na actualidade é tradicional "contar mentiras" con fins lúdicos.



## A FLOR DE PASCUA



Esta planta orixinaria de México introduciuse en Europa cando os conquistadores. A crenza de que a súa cor vermella trae calor e sorte en Nadal estendeu esta tradición no século XX.



## PANXOLIÑAS OU VILANCICOS?

Os vilancicos son as pezas en lingua vulgar que se cantan nas igrexas, con textos populares ou poemas de autor, e que se usaban na liturxia das festas principais en xeral; mentres que a panxoliña, por contra, é a canción popular que cantaba o pobo, organizadamente o individualmente na igrexa, ante o Belén e na festa de Nadal. Aínda que as panxoliñas se cantaban no século XV e XVI non hai ningún documento que explique as características das mesmas, o único que queda son restos de como se organizaban os veciños para ir cantar ao neno Xesús e ao portal dos Reis. (Wikipedia)

